



Bases do 9º Concurso de Tapas de A Fonsagrada 2022

A Concellería de Cultura e Turismo do Concello de A Fonsagrada convoca a 9º edición do concurso de tapas, co fin de incentivar o bo facer culinario dos hosteleiros contribuíndo a promocionar e potenciar a actividade do sector de restauración do municipio, de acordo coas seguintes bases.

PRIMEIRA O Concurso de Tapas está dirixido a establecementos hosteleiros. Terá un ámbito xeográfico circunscrito ao municipio de A Fonsagrada.

SEGUNDA Poderán participar no Concurso os establecementos de restauración legalmente establecidos situados no Concello de A Fonsagrada, calquera que sexa a súa modalidade: bar, cafetería, taberna, restaurante, etc.

TERCEIRA Os días de celebración do concurso fixados polos hosteleiros serán do martes 21 ao sábado 25 de xuño de 2022. O horario do certame será de 19:30 a 23:00 horas. Neste intervalo de tempo é obrigado ter as tapas a disposición dos clientes. Se algún usuario presenta unha reclamación por escrito por non estar dispoñible a tapa, o establecemento participante será descalificado. En todo momento deberán respectarse as medidas adoptadas polas autoridades sanitarias en canto a distanciamento entre a clientela, aforos e servizo en barra, non responsabilizándose o Concello das posibles sancións derivadas do incumprimento destas normas.

CUARTA Cada participante poderá presentar unha tapa a concurso. O prezo da tapa foi o acordado polos hosteleiros e terá un valor de 2€. A organización supervisará que se está procedendo ao cobro da tapa en todos os establecementos participantes a través de visitas aos mesmos. O incumprimento desta condición suporá a descalificación do establecemento.

QUINTA Entregaráselle a cada establecemento un cartaz identificativo como participante do concurso, a urna de depósito de votos e xunto a ela os cupóns de votacións. Ditos cupóns de votacións entregaranse en sobre pechado e selado e non se poderán exhibir ao público ata o martes día 21 de xuño ás 19:30 horas. Os establecementos inscritos deberán mostrar ó público o cartaz que se lle facilite co nome da tapa coa que participen. Sempre que o cliente pida a tapa do concurso será a que ten exposta, o incumprimento deste requisito, suporá a descalificación do mesmo.

SEXTA Na valoración das tapas, teranse en conta os seguintes aspectos: Sabor e Presentación.

SEPTIMA Os clientes consumidores das tapas serán os encargados de elixir a tapa gañadora cos seus votos. Para iso deberán dispoñer dunha cartilla que poderán recoller nos establecementos participantes. O cliente deberá obter o selo do establecemento na súa cartilla no momento de consumición da tapa. Unha vez completado e cumprimentado cos datos persoais do consumidor, depositarase en calquera das urnas situadas en cada un dos establecementos contabilizándose no reconto de votos só aquelas cartillas que estean validamente cumprimentadas.

OITAVA A puntuación final obtida polo establecemento será o resultado da suma de todas as valoracións obtidas do total de votos. Establécense dous premios que se outorgarán ao mellor sabor e presentación, consistentes nun galardón conmemorativo.

Todos os establecementos rexistrados recibirán un Diploma de participación.

O reconto de votos farase o martes 5 de xullo no Salón de Plenos do Concello.





O resultado do certame farase público nas redes sociais e páxina web do concello nos días seguintes, facendo entrega dos premios e diplomas con data posterior.

NOVENA A inscrición ao concurso é de 25€ e realizarase por escrito no formulario de Inscrición, sendo necesario o enchemento de todos os datos.

Devandito formulario deberá entregarse na Casa do Concello no prazo do 2 ao 9 de xuño de 2022 xunto co xustificante da entidade bancaria Abanca indicando no concepto o nome do establecemento e Tapas 2022.

DÉCIMA O Concello de A Fonsagrada resérvase o dereito de deixar deserto o Concurso, así como decidir sobre calquera aspecto que non estea contemplado nas presentes bases. Os participantes aceptan as bases e o resultado do Certame, sendo este inapelable.

En A Fonsagrada, na data indicada na firma electrónica

O Alcalde-Presidente,

Carlos López López

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE





SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO 9º CONCURSO DE TAPAS CONCELLO DE A FONSAGRADA			
1. DATOS DO ESTABLECEMENTO			
Nome e apelidos e Razón social			
NIF/NIE/CIF			
Domicilio			
C.P.		Municipio	
Teléfono		Móbil	
Enderezo electrónico			
Nome da Tapa			
2. SOLICITA PARTICIPAR NO 9º CONCURSO DE TAPAS			
En A Fonsagrada, ade maio de 2022			
Asdo:			
3. XUSTIFICANTE PAGO DE TASA ADMINISTRATIVA			
Debe aportar con esta solicitude o xustificante bancario por valor de 25€ indicando no concepto o nome do establecemento e tapas 2022. O número de conta bancario do Concello de A Fonsagrada é ES1220800118433110000028			
4. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS			
Responsable	Concello de A Fonsagrada		
Finalidade	Tramitación de expedientes administrativos.		
Lexitimación	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos.		
Destinatarios	Non se ceden datos a terceiros, salvo imperativo legal.		
Dereitos	De conformidade cos artigos 15 a 22 do Regulamento (UE) 2016/679 do parlamento europeo e do consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas, así como os artigos do 12 ao 18 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os afectados contan cunha serie de dereitos no tratamento dos seus datos persoais, a saber: dereito de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, portabilidade e oposición.		
Información adicional	Pode consultar información adicional e detallada sobre Protección de Datos na seguinte ligazón https://www.aepd.es/		

